

## **Prazo de matrícula libre curso 2021-2022**

**Inscripción de todos os niveis: do 9 - 26 novembro 2021**

**Matrícula A2 e B1: do 9 de novembro - 10 de decembro 2021.**

**Matrícula B2 e C1: do 1- 10 de decembro 2021**

A aplicación web pechará o 10 de decembro 2021 ás 12.00,

e o prazo de entrega online de toda a documentación

requirida será ata as 14.00 h

**Todos os trámites fanse en**

<https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>

## **DOCUMENTACIÓN**

- Fotocopia **DNI** (NIE no caso de estranxeiros - non será válido o pasaporte)
- Xustificante de pagamento dos prezos públicos
- Alumnado MENOR DE 16 ANOS a 31 decembro de 2022, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no curso escolar 2021/2022, expedido polo centro onde estea matriculado consonte ó modelo do [Anexo I](#).
- Alumnado con necesidades especiais que precise adaptación de probas [Anexos II](#) e [III](#) debidamente cubertos.

## ACCESO ÁS PROBAS

### Alumnado libre:

Pódense matricular nas probas de idiomas que cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 16 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2022.

Pódense matricular nas probas dos idiomas que non cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 14 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2022.

Non é necesaria superar o exame dun nivel inferior para poder presentarse a un superior. *No caso de nivel C2 esta proba administrárase unicamente para o alumnado presencial e o alumnado dos cursos CALC e dos cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI.*

Non se pode estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

O alumnado que xa realizou estudos nunha escola oficial de idiomas en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2021/22, deberá indicar esta circunstancia coa súa solicitude para que a escola onde se matricula como alumno/a libre solicite o traslado de expediente á escola de orixe.

O alumnado libre que supere a proba de certificación de nivel básico, intermedio ou avanzado poderá incorporarse ó primeiro curso do nivel seguinte do réxime oficial presencial en calquera EOI, sempre que obteña praza seguindo o procedemento de preinscrición e matrícula que se estableza.